

Xoves, 19 de agosto de 2021

Núm. 159

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BUEU

Presupostos e cadros de persoal

APROBACIÓN INICIAL DO ORGANIGRAMA E DA RPT DO CONCELLO DE BUEU

Expediente: 3119/2020

Código SIA: 1428772

Procedemento: Planificación e Ordenación de Persoal

Asunto: APROBACIÓN DO ORGANIGRAMA E RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE BUEU (RPT)- Proposta definitiva obxecto de negociación-Febreiro 2021

Unidade Xestora: Secretaría

Documento: Anuncio

Trámite: Anuncio de exposición pública da aprobación inicial do organigrama e relación de postos de traballo (RPT) do concello de Bueu

ANUNCIO

Na sesión plenaria de carácter extraordinario celebrada o 30.07.21 no concello de Bueu, no asunto da orde do día con núm. A.2.1, acordouse entre outros o seguinte:

“PRIMEIRO. Levantar de conformidade co establecido no artigo 217.2.b) do TRLRFL o reparo con efectos suspensivos formulado polo Interventor Municipal, ao abeiro do Informe de Discrepancias emitido con data 21.07.2021.

SEGUNDO. Aprobar inicialmente a “Proposta de Organigrama e Relación de Postos de Traballo do Concello de Bueu” actualizada a data 04.02.2021, achegada por Galivalia Consultgo S.L., con rexistro de entrada núm. 2021-E-RE-200 o día 05.02.2021.

TERCEIRO. A RPT do Concello de Bueu terá efectos económicos, unha vez concluída a adscrición dos traballadores aos correspondentes postos de traballo contemplados na RPT, no momento en que entre en vigor o Orzamento municipal vixente e os instrumentos de persoal que forman parte do mesmo (Cadro e Anexo de Persoal) que recollan e se adecúen ás previsións contidas na RPT definitivamente aprobada, habilitando o crédito adecuado e suficiente.

CUARTO. Naqueles casos en que os traballadores, coa aprobación da RPT, vaian a sufrir, computado en termos anuais, un incremento global das súas actuais retribucións superior a 1.800 euros brutos, percibirán o complemento específico de forma diferida e progresiva, de acordo cos seguintes criterios:



Xoves, 19 de agosto de 2021

Núm. 159

1º Exercicio: Os citados traballadores percibiran un complemento específico na contía equivalente para que o incremento global das súas actuais retribucións, computado en termos anuais, non sexa superior a 1.800 euros brutos.

2º Exercicio: Os citados traballadores percibiran un complemento específico na contía equivalente para que o incremento global das súas retribucións, computado en termos anuais e en comparación coas retribucións que perciba no exercicio anterior, non sexa superior a 2.000 euros brutos.

3º Exercicio: Os citados traballadores percibiran o complemento específico no importe total establecido pola RPT.

QUINTO. Publicar un anuncio do acordo no Boletín Oficial da Provincia por prazo de 20 días hábiles contados dende o seguinte ó da publicación, ao obxecto de que os interesados poidan examinalo e presentar as reclamacións que consideren oportunas, ante o Concello Pleno. Así mesmo publicárase no portal web municipal e no taboleiro de anuncios municipal.

De non formularse estas, entenderase elevado automaticamente a definitivo o referido acordo de aprobación inicial.

No caso de que se presenten reclamacións elevarase, no prazo dun mes, ao Concello Pleno, proposta de estimación ou desestimación das mesmas e de aprobación definitiva do Organigrama e Relación de Postos de Traballo do Concello de Bueu.

.../..."

Para xeral coñecemento e efectos oportunos.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

